



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027

Estimadas familias:

A continuación informámoslles sobre o desenvolvemento do procedemento de admisión do alumnado de cara ao vindeiro curso académico, (alumnado que está sen escolarizar ou que cambia de centro)

- **Prazo de presentación de solicitudes ordinarias de admisión (ED550B) : do 1 ao 20 de marzo de 2026.**

Os modelos e os respectivos anexos estarán dispoñibles a partir da data de inicio do correspondente prazo de presentación na aplicación informática admisionalumnado (www.edu.xunta.gal/admisionalumnado) na sede electrónica da Xunta de Galicia e nos centros docentes onde se facilitará de forma gratuita unha copia en papel ás persoas interesadas que a soliciten.

- **Forma de presentación: electrónica e presencial**

Presentación electrónica de solicitudes:

Ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado de Fábrica nacional de Moneda y Timbre ou calquera outro admitido pola sede electrónica) ou un sistema de usuario e clave como Chave 365.

Ademais terán que cubrir o modelo anexo II-bis (comprobación de datos e consentimento) segundo corresponda, imprimilo e, unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, escanealo.

O Xustificante da presentación electrónica da solicitude só se xera cando a persoa a asine e a presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.

- **Formalización de matrícula:**

De forma presencial: Dende o día 20 ata o 30 de xuño (ambos incluídos)

En liña no aplicativo admisionalumnado.

Si ten algunha dúbida ou consulta, pode chamar ao teléfono 881960028.

A dirección do CPI DE ZAS.